

Segundo a normativa vixente pola que se regula o **PROCEDEMENTO DE ADMISIÓN** de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos:

- Decreto 13/2022 do 3 de febreiro polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos.
- Orde do 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o Decreto 13/2022 do 3 de febreiro e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos.
- Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa e derroga o artigo 44 da Orde do 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

-

INFORMAMOS:

1. **Do 15 de xaneiro ao 4 de febreiro:** Prazo de reserva dos centros adscritos, procedemento de reserva (ED550A). A solicitude de reserva presentárase no centro docente no que estea matriculado o alumno.

- Colexio LA INMACULADA
- Colexio SAN JORGE

Para renunciar a un posto reservado será necesario ter presentado un escrito de renuncia no centro docente ata o día 28 de febreiro.

Listaxe do alumnado con posto reservado: 23 de febreiro

Publicación de vacantes: antes do 1 de marzo.

2. **Do 1 ao 20 de marzo:** Prazo de presentación de solicitudes para Ed. Infantil, Ed. Primaria e ESO. Procedemento de solicitude de admisión

A solicitude poderase presentar de forma presencial no centro educativo, ou de forma electrónica a través da aplicación <https://www.edu.xunta.gal/admisionlumnado/>. A persoa solicitante ten que cubrir o modelo de solicitude (anexo I e II) e ademais ten que cubrir o anexo I bis ou II bis, imprimilo, e unha vez asinado de forma manual pola outra persoa proxenitora, escanealo e subilo á aplicación. O xustificante da presentación electrónica da solicitude só se xera ando a persoa asine e a presente en sede electrónica.

IMPORTANTE:

- Cada solicitante **presentará unha única solicitude** no centro que se solicita en primeiro lugar e nela poderán relacionarse ata seis centros por orde de preferencia.
 - Para renunciar a unha solicitude da admisión ordinaria, terá que presentar unha nova solicitude en prazo, na que terá que cubrir os datos que aparecen no recadro “supostos específicos”.
 - En todos os casos, as solicitudes deberán ter o consentimento de ambas persoas proxenitoras, titoras ou acolledoras. (Hai excepcións)
 - Cada solicitude levará asignado pola aplicación un número aleatorio para os efectos de desempate. Cando o número de solicitudes sexa superior ao de postos, as persoas interesadas poderán consultar o número aleatorio asignado pola aplicación na listaxe que se publique o 21 de marzo. Tamén se poderá consultar este número ou o estado de tramitación das solicitudes na aplicación admisonalumnado, mediante certificado dixital ou Chave 365.
 - **CRITERIO COMPLEMENTARIO:** O colexio La Salle, otorgará 1 punto aos alumnos de 3 anos que procedan da Escola Infantil Agasalle ou que sexan antigos alumnos dalgún centro La Salle, él ou os seus proxenitores.
- 3. Cando os postos escolares dispoñibles non secan suficientes para todas as solicitudes, Abrirase un prazo de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte ao remate do prazo de solicitudes de admisión** para a presentación da documentación xustificativa dos criterios a puntuar na solicitude.
- 4. 25 de abril: Listaxes provisionais** de admitidos e non admitidos. Esta listaxe poderá converterse en definitiva nos cursos no que todas as solicitudes están admitidas. Ábrese un prazo de 5 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación, para formular reclamacións ante o titular do centro educativo. A estimación ou desestimación das reclamacións, entenderase realizada a través das listaxes definitivas.
- 5. 15 de maio: Listaxe definitiva** de admitidos e non admitidos.
- Contra esta listaxe definitiva, pódese formular reclamación ante o titular da Xefatura territorial da Consellería de Educación, no prazo dun mes dende o día seguinte ao da publicación. A resolución porá fin á vía administrativa.
- 6. Do 20 ao 30 de xuño:** Formalización da matrícula para Ed. Infantil e Ed. Primaria.
- 7. Do 23 de xuño ao 7 de xullo:** Formalización de matrícula para ESO.

Para os efectos de cumprir os trámites do procedemento de admisión e formalización de matrícula do alumnado, cando o último día do prazo non sexa lectivo, prorrogarase automaticamente ata o día lectivo inmediato seguinte.